



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2024 15:22:15

Entrada **17294**

## Pregunta para respuesta escrita

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita.**

Nun proceso de validación de estudos de Formación Profesional do sistema educativo esíxese ao alumno ou alumna que presenta a documentación que acredite os estudos realizados.

Esta documentación, como poden ser as certificacións académicas ou os programas das materias, son expedidos polos centros na lingua oficial de cada unha das Comunidades Autónomas, no caso de Galiza en galego, a única lingua que se utilizan de forma oficial tal e como esixe a normativa e a Lei de Normalización lingüística.

Son estes certificados os únicos de que dispoñen e trátase de documentos con validez oficial con independencia de que se atopen en galego, como lingua oficial de Galiza xunto co español.

Ademais, se calquera solicitude ou documentación preséntase #ante as delegacións da Administración Xeral do Estado na CA existe a obrigaón de atender a tramitación do expediente nesa lingua.

Con todo, a pesar de que a cidadanía ten o dereito para utilizar a lingua da súa elección, de que a Administración Galega está obrigada a emitir a súa documentación en galego e de que a Administración Xeral do Estado ten a obrigaón de tramitalo, está a dirixirse ao alumnado para solicitar a tradución dos documentos oficiais presentados en galego.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2024 15:22:15

Entrada **17294**



**Por todo o exposto o BNG presenta as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita:**

1. Porqué motivo o Ministerio de Educación vulnera os dereitos lingüísticos do alumnado e esíxelles que remitan a documentación que emiten en galego os centros educativos traducida ao castelán?
2. Se é obrigatorio par os centros emitir os seus certificados, resolucións e comunicacións en galego, porqué o Ministerio reclama aos alumnos e alumnas que se traduzan?
3. Porqué non tramita a solicitude de validación sen conculcar os dereitos do alumnado e cargando de maior burocracia os trámites administrativos?

Madrid, a 17 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita.**

En un proceso de convalidación de estudios de Formación Profesional del sistema educativo se exige al alumno o alumna que presenta la documentación que acredite los estudios realizados.

Esta documentación, como pueden ser las certificaciones académicas o los programas de las asignaturas, son expedidos por los centros en la lengua oficial de cada una de las Comunidades Autónomas, en el caso de Galiza en galego, la única lengua que se utilizan de forma oficial tal y como exige la normativa y la Ley de Normalización lingüística.

Son estos certificados los únicos de que disponen y se trata de documentos con validez oficial con independencia de que se encuentren en galego, como lengua oficial de Galiza junto con el español.

Además, si cualquier solicitud o documentación se presenta ante las delegaciones de la Administración General del Estado en la CA existe la obligación de atender la tramitación del expediente en esa lengua.

Sin embargo, a pesar de que la ciudadanía tiene el derecho a utilizar la lengua de su elección, de que la Administración Galega está obligada a emitir su documentación en galego y de que la Administración General del Estado tiene la obligación de tramitarlo, se está dirigiendo al alumnado para solicitar la traducción de los documentos oficiales presentados en galego.

**Por todo lo expuesto el BNG presenta las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita:**



1. Porqué motivo el Ministerio de Educación vulnera los derechos lingüísticos del alumnado y les exige que remitan la documentación que emiten en galego los centros educativos traducida al castellano?
2. Si es obligatorio par los centros emitir sus certificados, resoluciones y comunicaciones en galego, porqué el Ministerio reclama a los alumnos y alumnas que se traduzcan?
3. Porqué no tramita la solicitud de convalidación sin conculcar los derechos del alumnado y cargando de mayor burocracia los trámites administrativos?

Madrid, a 17 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**